



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0642	Perfumaría e cosmética natural	2017/2018	6	105	126
MP0642_12	Perfumaría	2017/2018	6	30	36
MP0642_22	Cosmética natural	2017/2018	6	75	90

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA DEL CARMEN MACHADO CASTRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), d) e l), do ciclo formativo, e as competencias a), f), l), m) e u).

Esta programación corresponde ao módulo de perfumaría e dosmética natural, do ciclo formativo Éstetica e beleza de grao medio. Este ciclo formativo proporciona unha formación básica profesional e de madurez persoal, que facilita a incorporación ao mercado laboral ou a continuidade de estudos a través dos ciclos formativos de Grao Superior, previa superación da proba de acceso. A duración é dun curso académico, desenvolvéndose a totalidade do módulo no propio centro I.E.S.A Pinguela, situado en Monforte de Lemos.

Como se da unha gran variedade de situacións no contexto socio - laboral, para cada alumno, planificouse esta programación, adaptándoa á realidade da zona, tipo de alumnos, situación do centro escolar, entorno social, etc.

A figura de Técnico en Estética e beleza, exerce a súa actividade profesional dentro do subsector de "servicios persoais" e máis concretamente na actividade de Perruquería, desenvolvendo os procesos de prestación de servicios, de asesoramento e atención permanente ó cliente en:

Salóns de beleza.

- _ Departamentos de beleza de empresa dedicada ó tratamento da imaxe persoal integral.
- _ Equipos técnicos dependentes de laboratorios e casas comerciais que desenvolven a súa actividade no ámbito da estética, como probadores, demostradores e vendedores.
- _ Hospitais, centros xeriátricos e empresas de servicios fúnebres.
- _ Clínicas de medicina estética.
- _ Departamento de estética das TV.
- _ Estudios de gravacións.
- _ Estudios de fotografía e vídeo.
- _ Escolas de modelos profesionais, pasarelas de moda, ...
- _ Escolas de asesoría de imaxe.

O I.E.S.A Pinguela está localizado no concello de Monforte de Lemos, sendo a localidade máis importante da Ribeira Sacra. A actividade económica e empresarial baséase fundamentalmente na viticultura.

As empresas relacionadas con a imaxe persoal son maioritariamente, pequenas e medianas empresas, particularmente do sector servizos persoais concretamente perruquerías nas que se combina perruquería e estética, (moitos dos alumnos procede xa do CF de peiteado e cosmética capilar), establecementos relacionados coa venda de produtos cosméticos...

No I.E.S. I.E.S.A Pinguela,, impártense dous ciclos medios da familia Imaxe Persoal en réxime ordinario: Estética e Beleza, Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar con outras Familias profesionais e outras ensinanzas como son a E.S.O. e os Bacharelatos.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Perfumaría		15	12
2	Aromaterapia e aromacosmética		12	9
3	Laboratorio perfumería e aromaterapia		9	7
4	Cosméticos naturais e complementarios		45	36
5	laboratorio de cosmética natural		27	22
6	Establecementos de perfumería e cosmética natural		18	14



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Perfumaría	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os produtos de perfumaría, para o que analiza a súa estrutura, e asesora sobre a súa elección	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Estableceuse a secuencia do uso do perfume ao longo da historia
CA1.2 Definiuse o perfume, analizouse a súa composición e clasificáronse os tipos de materias primas que o constitúen
CA1.3 Identificáronse as notas de fondo, corpo e saída na estrutura do perfume
CA1.4 Diferenciáronse os métodos de extracción das materias primas naturais
CA1.5 Diferenciáronse as fragancias en función das sensacións olfactivas de acordo coas clasificacións perfumistas
CA1.6 Explicáronse os factores que inflúen no desenvolvemento individual do aroma do perfume
CA1.7 Esquematzáronse os tipos de perfume segundo o seu contido en esencia e solución alcohólica
CA1.8 Enumeráronse as normas de conservación dos perfumes e as precaucións na súa aplicación
CA1.9 Describíronse os factores que inflúen na elección dun perfume
CA1.10 Relacionouse o perfume coa moda e co seu uso por profesionais da imaxe persoal

4.1.e) Contidos

Contidos
Historia da perfumaría e o perfume.
Relación entre a moda, os medios audiovisuais e o perfume.
Relación entre o persoal profesional de imaxe persoal e o perfume.
Aplicación do perfume e precaucións para ter en conta.
Definición de perfume.
Composición e estrutura cosmética do perfume.
Obtención de materias primas.
Clasificación das fragancias.
Tipos de perfumes: solucións alcohólicas perfumadas.



Contidos

O envase en perfumaría e a súa importancia no márketing.

Conservación do perfume.

Elección do perfume: pautas para a compra e educación do sentido olfactivo.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Aromaterapia e aromacosmética	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os produtos de aromaterapia, para o que analiza as súas propiedades cosméticas	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse os conceptos de aromaterapia e de aceite esencial
CA2.2 Identificáronse os aceites esenciais
CA2.3 Relacionáronse as moléculas aromáticas cos seus efectos no sistema nervioso
CA2.4 Describíronse os efectos xerais dos aceites esenciais
CA2.5 Identificáronse os xeitos de aplicación dos aceites esenciais
CA2.6 Enumeráronse os aceites portadores cos que se poden mesturar os aceites esenciais para poderen ser aplicados sobre a pel
CA2.7 Especificouse como se deben conservar os aceites esenciais
CA2.8 Esquematzáronse as precaucións e as contraindicacións derivadas do seu uso
CA2.9 Especificouse a importancia da calidade dos aceites esenciais para o seu uso en estética
CA2.10 Individualizáronse os tratamentos de estética e beleza co uso de aceites esenciais

4.2.e) Contidos

Contidos
Concepto de aromaterapia.
Aceites esenciais.
Moléculas aromáticas e a súa relación co sistema nervioso.
Efectos e xeitos de aplicación; aceites portadores.
Precaucións e contraindicacións.
Calidades dos aceites esenciais de uso cosmético.
Aromacosmética: concepto e aplicacións. Cosmética personalizada mediante o emprego de aceites esenciais.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Laboratorio perfumeria e aromaterapia	9

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Prepara perfumes no laboratorio	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse a fórmula cosmética de perfumes e identificáronse os seus compoñentes
CA3.2 Seguíronse os protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos, necesarios para a fabricación e o envasamento de perfumes en condicións de saúde
CA3.3 Aplicáronse as medidas hixiénico-sanitarias do persoal no laboratorio necesarias para a fabricación e a manipulación de perfumes, en condicións de saúde
CA3.4 Describiuse o procedemento para elaborar un perfume
CA3.5 Preparáronse perfumes a partir de fórmulas sinxelas con diferentes materias primas
CA3.6 Elimináronse selectivamente os residuos dos produtos de refugo xerados

4.3.e) Contidos

Contidos
Elaboración de perfumes: material necesario, fórmula cosmética e modus operandi.
Protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos, necesarios para a fabricación e o envasamento de mesturas e cosméticos sinxelos en condicións de saúde.
Aplicación das medidas hixiénico-sanitarias do persoal no laboratorio, necesarias para realizar os procesos de preparación de mesturas de compostos e cosméticos sinxelos, en condicións de saúde.
Xestión de residuos.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Cosméticos naturais e complementarios	45

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os cosméticos naturais e produtos complementarios, e indica a súa aplicación nos tratamentos estéticos básicos	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse as características dos cosméticos naturais
CA1.2 Indicouse a evolución dos produtos naturais ao longo do tempo
CA1.3 Detalláronse os procesos de obtención de extractos vexetais
CA1.4 Clasificáronse os extractos vexetais en función do disolvente empregado na súa extracción
CA1.5 Analizáronse os efectos e as indicacións dos extractos vexetais utilizados na elaboración de produtos cosméticos
CA1.6 Especificáronse os produtos derivados do mar, os seus efectos e as súas indicacións
CA1.7 Definíronse os tipos de arxilas e minerais relacionados coa cosmética
CA1.8 Describíronse as indicacións dos nutricosméticos como complemento dos tratamentos de estética e beleza
CA1.9 Esquematzáronse as contraindicacións dos cosméticos naturais e dos produtos complementarios
CA1.10 Identificouse o xeito de conservar e almacenar os produtos naturais

4.4.e) Contidos

Contidos
Cosmética natural: concepto e características.
Fitocosmética. Extractos vexetais: concepto, métodos de extracción, clasificación, efectos e usos.
Cosmética mariña: concepto. Algas e derivados, animais mariños, plancto e derivados; sales.
Arxilas e minerais utilizados en cosmética: efectos e usos.
Nutricosméticos e cosmeceúticos; novos conceptos como complementos da estética.
Contraindicacións e efectos adversos da cosmética natural e os produtos complementarios.
Almacenamento e conservación de produtos naturais.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	laboratorio de cosmetica natural	27

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara cosméticos utilizando materias primas naturais no laboratorio	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Analizáronse as fórmulas de cosméticos naturais e identificáronse os seus compoñentes
CA2.2 Seguíronse os protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos, necesarios para a fabricación e o envasamento de cosméticos naturais, en condicións de saúde
CA2.3 Aplicáronse as medidas hixiénico-sanitarias do persoal no laboratorio necesarias para a fabricación e a manipulación de cosméticos naturais, en condicións de saúde
CA2.4 Describiuse o procedemento para elaborar cosméticos naturais
CA2.5 Elaboráronse fórmulas sinxelas de cosméticos naturais
CA2.6 Definíronse os tipos de creacións artísticas perfumadas
CA2.7 Elaboráronse creacións artísticas como sales, pindas e outros
CA2.8 Elimináronse selectivamente os residuos dos produtos de refugo xerados
CA2.9 Compiláronse e analizáronse fórmulas cosméticas populares

4.5.e) Contidos

Contidos
Creacións artísticas perfumadas: sales, pindas, saquiños, estruturas florais, talcos, candeas, etc.
Elaboración de cosméticos naturais: cremas, xabóns artesanais, etc.
Protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos, necesarios para a fabricación e o envasamento de cosméticos naturais sinxelos en condicións de saúde.
Aplicación das medidas hixiénico-sanitarias do persoal no laboratorio necesarias para realizar os procesos de preparación de cosméticos naturais sinxelos, en condicións de saúde.
Xestión de residuos.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Establecementos de perfumería e cosmética natural	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Distingue os tipos de establecementos de cosmética natural, vinculándoos coa posibilidade de xeración de emprego	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Diferenciáronse os tipos de establecementos de venda de cosmética natural
CA3.2 Definíronse os establecementos de perfumaría e drogaría
CA3.3 Descríbíronse as características das herboristarias e a súa relación coa estética
CA3.4 Identificáronse as seccións de venda de cosmética natural de grandes superficies
CA3.5 Determinouse a especialización dos establecementos de venda de esencias e creacións artísticas
CA3.6 Indicouse o punto de venda personalizado que se realiza dentro da cabina de estética
CA3.7 Relacionouse a decoración e o perfume ambiental do establecemento coa imaxe de profesionalidade da empresa
CA3.8 Valorouse a importancia do merchandising nos establecementos de cosmética natural

4.6.e) Contidos

Contidos
Tipos de establecemento de venda de cosmética natural e perfumes: perfumarías, herboristarias, establecementos de venda de esencias e creacións artísticas, e centros de beleza.
Importancia da decoración, o perfume ambiental e o merchandising nos centros de beleza e nas empresas de venda de perfumes e cosmética natural.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

os mínimos esixibles son os enumerados nos criterios de avaliación (apartado d de cada una das unidades didácticas).

a avaliación realizaráse ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten carácter continuo e faráse a través de probas teóricas, traballos propostos polo profesor e a observación directa da actitude e comportamento do alumnado.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

a observación do alumnado quedará reflexado no caderno da profesora, no que o alumno posúe a súa propia ficha individual, onde se recollerá a actitude tanto individual como grupal, o traballo realizado en clase, a actitude....

as probas escritas constarán de varias preguntas e a súa valoración farase en conxunto por considerar que tódolos coñecementos están interrelacionados e esixirase un coñecemento mínimo de tódalas preguntas non podendo quedar ningunha parte do exame sen contestar.

de cada avaliación darase una cualificación de 1 a 10 que englobará as puntuacións obtidas da seguinte forma:

- ¿ 80%: media aritmética das distintas probas teóricas realizadas.
- ¿ 10%: nota dos traballos realizados na avaliación.
- ¿ 5%: asistencia a clase.
- ¿ 5%: actitude na clase.

o nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar una avaliación positiva do módulo virá dado por:

a cualificación obtida nos cuestionarios e probas de contidos nunca poderá ser inferior a 5 puntos.

ter realizado con avaliación positiva tanto os traballos individuais coma en grupo.

ter participado con certa regularidade nos debates formulados na aula.

ter tido un comportamento correcto na aula durante as clases ao longo do curso

non ter perdido máis do 10% de sesión de clase ao longo do curso.

o alumnado que non supere alguna avaliación realizará una proba escrita de recuperación ó remate de cada avaliación . se lle quedara suspensa, deberá examinarse na proba final de xuño das avaliacións non superadas.

Para poder ponderar o baremo, haberá que obter un mínimo de 4 puntos sobre 10 en cada apartado. Os indicadores para a avaliación da actitude será o que segue:

Actitude nota

Inaceptabel (este tipo de actitude de maneira reiterada pode ser motivo para falta de orde e/ou expulsión:non ter actitude adecuada na clase: falar, contestar , malos modos, durmir, non tomar ningún apuntamento nen traballar..)

)

0

Aceptabel

5

Boa

7.50

Moi boa

10

Como puntualización: non se permite comer nin beber na clase (darase un primeiro aviso como toque de atención e ao segundo e/ou sucesivos avisos: haberá expulsión de alumno anotando falta de asistencia e/ou falta de orde), nin o uso de móbil (darase un primeiro aviso como toque de atención, no segundo aviso a profesora retirará o móbil e entregarao en xefatura de estudos, no terceiro aviso ou sucesivos: haberá expulsión de alumno anotando falta de asistencia e/ou falta de orde)



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Actividades referentes aos mínimos esixibles cos que se acadan os obxectivos do módulo e similares as realizadas ao longo da impartición do módulo

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Proba en xuño con actividades referentes aos contidos do módulo e similares as realizadas ao longo da impartición do módulo

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións de Departamento, ao facer un seguimento das programacións dos distintos cursos, é onde se hai que tratar o seguimento das unidades didácticas con maior ou menor profundidade, en caso de ser necesario comunicar aspectos de seguimento non normal. O seguimento do módulo farase na propia aplicación de programacións.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O comenzo das actividades do curso transcurrido po lo menos 1 mes o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado. Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De haberen alumnos/as con altas capacidades ou con dificultades ou problemas de aprendizaxe por motivos motores, sensoriais, de desenvolvemento ou socioculturais, serán atendidos polo profesorado do departamento. Dependendo de cada caso, levarase a cabo unha atención individualizada apoios por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria e programas específicos de intervención coa axuda do departamento de orientación

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

Pretende educar no pluralismo en dúas direccións: O respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como forma de solución de diferencias. Relaciónase cos contidos actitudinais. O comportamento cívico ten que ver coas actitudes mediante as que se poñen de manifesto a orde, a precisión e coidado na realización e presentación de tarefas e no uso adecuado dos instrumentos propios e da comunidade educativa; tamén no respecto que os alumnos deben ter con outros enfoques diferentes ós seus na resolución das diferentes tarefas.



Este tema transversal ten moita importancia na familia de Imaxe persoal e trátase en todos os módulos xa que o alumno debe respectar en todo momento o traballo dos seus compañeiros e valorar e coidar como propios todas as instalacións, os materiais e recursos educativos dos que dispón o centro educativo.

EDUCACIÓN AMBIENTAL E PARA A SAÚDE.

É necesario que todo profesional teña claramente establecidos criterios de cómo o seu facer profesional pode afectar ó medio ambiente e o xeito de actuación para evitar, mitigar ou remediar o dano ambiental real ou potencial.

Por outra banda, consideramos decisivo impulsar un cambio de valores, adquirindo una importancia significativa o respecto e defensa do medio ambiente.

Educación do consumidor. Rexeito ó consumismo e a degradación do medio ambiente. Responsabilidade dos alumnos como consumidores.

IV. Educación para a saúde. Desenrolar a capacidade dos alumnos para vivir en equilibrio co seu entorno físico, biolóxico e sociocultural. Coñecer o seu propio corpo e as formas de mellorar o seu funcionamento.

Reflexionar sobre as sustancias que prexudican o organismo e adquirir hábitos de saúde de acordo a elo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares prográmanse co obxecto de asistir a exposicións, mostras ou visitas a instalacións ou establecementos relacionadas coa familia de Imaxe Persoal.

Non son fixas dependendo do curso e datas nas que se realizan os eventos polo que non podemos planificalas con moita anterioridade

O obxecto das actividades complementarias previstas polo departamento é familiarizar @s alumn@s co seu futuro traballo profesional.

Xustificanse pola necesidade que teñen os profesionais da familia de Imaxe Persoal que, de forma continua, deben adaptarse aos cambios tecnolóxicos provocados polas novas demandas, cada vez máis específicas, producindo cambios na súa actividade profesional, de xeito que a implantación destas novas técnicas baséase no uso de equipamentos cada vez máis sofisticados e de produtos cosméticos con maior especificidade e actividade. Lévanse a cabo, de forma xeral, na propia aula. Aínda que están integradas nun módulo concreto, formando parte dos procedementos e se é posible dentro do seu horario lectivo, inténtase que sexan o máis abertas posibles; de feito poden implicar aos dous cursos dun mesmo ciclo, aos dous ciclos medios ou incluso a tod@s os alumn@s dos ciclos formativos.

Exposicións e demostracións de tratamentos relacionados cos diferentes módulos